



## Historias de Vigo



Manuel Bragado

Estas últimas semanas estou pechando a edición galega do que entendo é un dos libros máis emblemático da historia de Vigo e a súa comarca, "A cidade e os días. Calendario histórico de Vigo" (Edicións Monterrei, 1960). Esta é unha obra monumental, de case seiscentas páxinas, nas que don Xosé María Álvarez Blázquez recolleu as glosas e crónicas primorosas da historia de Vigo e de Frago que fora publicando diariamente en "Faro de Vigo", ao longo de todo o ano 1959. Este traballo editorial obrigoume a percorrer da man do que foi o cronista oficial da cidade e un dos historiadores e arqueólogos máis importantes de noso, a bibliografía dispoñible sobre unha cidade un chisco desmemoriada como é a nosa abella da ribeira. Aínda que a historiografía viguesa non é rica abondo, ofrece un conxunto de achegas estimables que poden contribuír a reformular a nosa identidade de primeira cidade galega, punxente e revolcada.

Dende a semente que plantou, o primeiro historiador local, o doutor Nicolás Taboada Leal en 1840 coa súa "Descripción topográfica-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores" (impreso en Santiago pola viúva de Juan Compañel e fillos e reeditada polo concello de Vigo en 1977 con prólogo do propio don Xosé María), pasando por "Vigo y su historia", obra colectiva promovida e concibida, tamén por Álvarez Blázquez, e editada en 1979 pola Caixa de Aforros de Vigo con motivo do seu centenario, até a "Historia de Vigo", publicada en fascículos por "Faro de Vigo" en 2007, foron diversos os historiadores e as publicacións que pretenderon enfiar e actualizar, con maior ou menor fortuna (e ás veces con escaso rigor e fantasía romántica abonda), o relato dos habitantes de territorio tan privilexiado como o ría viguesa e o seu val do Frago. Dende os primeiros asentamentos romanos, pasando tanto polo seu nacemento como vila na Idade Media como pola súa practica desaparición tras ser arrasada por Sir Francis Drake (a finais do século XVI), continuando como prodixioso anfiteatro da batalla naval de Rande, ata o seu renacemento, logo, como porto pesqueiro e dinámica cidade industrial e burguesa que emerxeu a finais do século XIX e xa de forma imparable durante o XX, Vigo conta cunha historia que debe ser mellor coñecida polos seus cidadáns.

Tras o traballo inicial de Taboada Leal, a historiografía viguesa houbo agardar até 1878 por unha nova achega, "Monografías de Vigo", obra póstuma do escritor Teodosio Vesteiro Torres (unha figura romántica, malograda prematuramente que o Instituto de Estudos Vigueses recuperou en 1995 do esquezo cunha biografía e o facsímile deste libro, no que traballou, tamén, don Xosé María), onde se recollen os seus artigos biográficos sobre figuras viguesas publicados no xornal "La Concordia". Pouco despois, en 1896, José Santiago y Gómez publicou "Historia de Vigo y su comarca" (existe unha reedición facsímile da Deputación Provincial de Pontevedra de 2005), obra que, a pesar das súas deficiencias, pode considerarse como un esforzo meritario realizado para organizar por vez primeira o relato vigués completo. Prudencio Landín en "De mi viejo carnet", Bernardo Bernárdez Romero co seu "Tratado de viguismo", Manuel Losada Carrera co seu "Vigo y su progreso" e o editor José Cao Moure (asinaba P.P.K.O) co seus catálogos fotográficos de Vigo (reeditados en facsímile en 2005 polo Instituto de Estudos Vigueses) ofreceron libros nos que se recollen episodios da historia viguesa das últimas décadas do XIX e dos "felices" anos vinte. Mais, houbo que agardar a 1949, ano no que don José Espinosa Rodríguez (tamén cronista oficial da cidade) publicou "Tierra de Frago. Notas para la historia de Vigo y su comarca", obra magnífica (reeditada en facsímile polo IEV en 2003) e, quizais, a de maior interese historiográfico de todas as citadas.

## HEMEROTECA

Volver a la

## BUSCADOR VIGUESA



Operación  
comprar  
alquilar

## Anúnciese gratis

El portal inmo

Opinión  
tu espacio

## FARO DE VIGO

EMEPEQU

## CONCURSO INMOBILIARIO



## ENCUESTA

¿Se cree usted de los políticos de elecciones?

Sí  
 No

## RESULTADOS

Sí  
 No

Mención especial, neste repaso historiográfico anterior á publicación d' "A cidade e os días", merece o traballo realizado por don Avelino Rodríguez Elías, xornalista e escritor prolífico en galego e castelán, ademais de cronista oficial da cidade dende 1926 até que en 1936 tivo que coller o camiño do exilio (outra figura excepcional a recuperar da desmemoria, desvelada por unha espléndida biografía de Gerardo González Martín, outra figura clave dos estudos da nosa historia local). Debemos a Rodríguez Elías, ademais de numerosas monografías (como "La escuadra de plata" sobre os tesouros dos galeóns de Rande), unha monumental "Historia de la ciudad de Vigo", de catro tomos que permanece, incomprensiblemente, aínda inédita, a pesar de que dende hai anos existe un exemplar do manuscrito "custodiado" polo concello de Vigo. Ben sería que se acrisolasen os esforzos necesarios para sacar á luz peza tan senlleira do patrimonio da nosa memoria.  
bretemas@gmail.com

No

COMPARTIR



¿qué es esto?

ENVIAR PÁGINA »

IMPRIMIR PÁGINA »

AUMENTAR TEXTO »

REDUCIR TEXTO »

VER MÁS OFERTAS AQUÍ



**Master Dirección de recursos humanos**  
Prepárate bien para una profesión de futuro.

PVP: [Consultar](#)



**Ordenador Portátil Dell Vostro**  
Las mejores ofertas de Dell.

PVP: **844,48 €**



**Botas de Fútbol**  
Precio rebajado, ¡una gran oferta!

PVP: **54,90 €**

[Ofertas de vuelos](#)

Vuelos desde 20 €, Viajes en oferta i Date prisa, plazas limitadas !

[Hesperia Vigo 4\\*](#)

Disfruta de todas las ventajas de un hotel Hesperia desde 65€

Anuncios Google

CONÓZCANOS: [CONTACTO](#) | [FARO DE VIGO](#) | [LOCALIZACIÓN Y DELEGACIONES](#) | [CLUB FARO DE VIGO](#)

**farodevigo.es**  
Decano de la prensa nacional

farodevigo.es es un producto de **Editorial Prensa Ibérica**

Queda terminantemente prohibida la reproducción total o parcial de los contenidos ofrecidos a través de este medio, salvo autorización expresa de farodevigo.es. Así mismo, queda prohibida toda reproducción a los efectos del artículo 32.1, párrafo segundo, Ley 23/2006 de la Propiedad intelectual.

Difusión audit



Otras publicaciones del grupo **Editorial Prensa Ibérica**

Diari de Girona | Diario de Ibiza | Diario de Mallorca | Empordà | Información | La Opinión A Coruña | La Opinión d La Opinión de Málaga | La Opinión de Murcia | La Opinión de Tenerife | La Opinión de Zamora | La Provincia | La Nu | Levante-EMV | El Boletín | Mallorca Zeitung | Regió 7 | Superdeporte | The Adelaide Review